

Aprobada inicialmente polo pleno da corporación de data vinteseite de febreiro de 2003.

Aprobada definitivamente polo pleno da corporación de data vintenoventa de maio de 2003.

Publicada no BOP núm. 146 de data vinteseite de xuño de 2003.

# **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS EN TERREOS AGRÍCOLAS**

## **Exposición de motivos:**

O artigo 45 da Constitución proclama o dereito que teñen os cidadáns para recrearse dun medio ambiente axeitado, máis o deber de conservalo, encomendándolle aos poderes públicos velar pola utilización racional dos recursos co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar ese ben común.

Ás veces, a utilización deses recursos enfróntase co dereito que teñen os silvicultores, agricultores ou gandeiros, para poñer a producir nas súas respectivas propiedades rurais certas especies que resultan incómodas, máis que por cuestións técnicas, por mor dos lugares elixidos para a súa plantación (inmediatos a leiras de cultivos agrícolas, fontes, etc.) en desacordo coa evidente dedicación agrícola que o costume lle viña dictando aos labregos dos lugares respectivos.

Esas iniciativas forestais responden á conveniencia de utilizar unhas leiras improductivas como consecuencia probable dos fluxos evidentes desde o sector primario aos de industria ou servizos, e tradúcese no interese dos seus propietarios -en moitos casos herdeiros dos antigos labregos- de plantar árbores nos lugares que outros veciños teñen dedicado a outros labores agrícolas, sen coidar que o feito de poñer a producir as terras sen necesidade dunha atención frecuente, non é a máis correcta das utilizacións racionais que se lle poden dar a eses recursos.

A lexislación existente neste eido non cubre totalmente as expectativas que lle demandan os destinatarios xa que aos efectos de actividade agraria a produción forestal é parella coa agraria e máis coa gandeira e, pola súa banda, a lexislación forestal propiamente dita abrangue só os terreos forestais, entre os que non se atopan especificadas as leiras agrarias. Por iso, ao abeiro da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, da Lei 5/1997 da administración local de Galicia e demais disposicións de aplicación, e cumpridos os trámites formais correspondentes, esta Corporación municipal, aproba as seguintes disposicións:

## **Capítulo I. Disposicións xerais**

### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

- Esta ordenanza ten por obxecto regular as novas plantacións de árbores en parcelas agrícolas, e ao mesmo tempo, de conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil fixar as distancias mínimas entre as novas plantacións forestais con fincas de labor, prados e edificacións habitadas ou susceptibles de o ser.
- Quedan obrigados por esta norma, que abrangue o ámbito territorial do Concello de Arteixo, toda persoa, natural ou xurídica, pública ou privada, que proxecte realizar ou efectivamente realice novas plantacións forestais de carácter productivo en terreos considerados de protección agrícola ou naqueles que non teñan a cualificación de protección forestal.
- Consecuentemente, e de acordo co apartado precedente, exclúense da súa aplicación, aquelas plantacións de tipo ornamental ou decorativo, realizadas en xardíns ou espazos valados ou cercados

que amosan indubidablemente tal carácter de ornamento ou de decoración.

- Lémbrese igualmente nesta ordenanza, e sen prexuízo das distancias que se fixan nela para as novas plantacións, que, consonte o que dispón o artigo 592 do Código Civil, os donos de árbores que teñan pólas que se estendan sobre as propiedades lindeiras, teñen a obriga de podar as ramas que poidan molestar dalgún xeito ao propietario do terreo invadido.

## **Artigo 2.- Definicións.**

Aos efectos da presente ordenanza, entenderanse definidas as seguintes expresións:

Parcela, finca ou leira agrícola: a superficie continua de terreo, considerada para ese uso, na que un único titular de explotación realice un tipo de cultivo de índole agraria ou hortícola.

Terreo forestal: superficie cualificada como tal, na que vexetan especies arbóreas, arbustivas, de mato ou herbáceas, xa sexa espontaneamente ou procedentes de semente ou plantación, sempre que non fosen características do cultivo agrícola.

Nova plantación forestal: a plantación con especies forestais arbóreas que, afectando a calquera medida de superficie, teña finalidades económico-productivas, e se pretenda realizar con posterioridade á entrada en vigor desta ordenanza.

## **Capítulo II. Da licenza municipal**

### **Artigo 3.- Requisito de licenza.**

- Está obrigada á obtención de licenza municipal toda persoa, natural ou xurídica, pública ou privada, que neste concello de Arteixo proxecte realizar novas plantacións de árbores en terreos non forestais, calquera que sexa a súa extensión, e sen prexuízo das particularidades contidas nos artigos 7º e 8º desta ordenanza.
- Para a obtención da licenza, os interesados deberán presentar a solicitude, achegando á mesma un proxecto técnico e máis unha memoria descritiva da plantación pretendida.
- A licenza municipal para a plantación de árbores en solos agrícolas, concederase mediante resolución do órgano que teña atribuída a competencia en materia de licenzas, previa apertura de expediente administrativo que deberá conter as alegacións dos propietarios dos fondos lindeiros e mailo informe favorábel do Departamento de Ambiente do concello.
- Quedan exceptuados do requisito da licenza municipal as plantacións de árbores de carácter ornamental ou decorativo nas condicións referidas no apartado 3 do artigo 1º, e máis aquelas que se realicen en terreos forestais.

## **Capítulo III. Normas aplicábeis ás novas plantacións**

### **Artigo 4.- Distancias mínimas.**

- Con carácter xeral.- As plantacións forestais situaranse, segundo as especies arbóreas, ás distancias mínimas que se indican dos lindeiros con fincas de labor, colleitas agrícolas, prados ou outros terreos semellantes:
  - Especies do xénero "eucaliptus" (eucalipto): 25 metros.
  - Especies do xénero "pinus" (pino) ou outras coníferas e resinosas: 15 metros.
  - Especies do xénero "populus" (chopo): 15 metros.
  - Especies de frondosas autóctonas (castaño, carballo, etc.): 4 metros.
- Plantacións próximas a edificacións.- As novas plantacións forestais con especies autóctonas ou alóctonas, deberán gardar unha distancia mínima de 50 metros das vivendas habitadas permanente ou temporalmente, e dos edificios con actividade ou susceptible de tela.
- Plantacións en montes que lindan con outros terreos forestais.- Aínda que non son obxecto desta ordenanza, lémbrese que nestes espazos destinados á produción forestal propiamente dita, as distancias mínimas esixidas cos lindeiros doutras propiedades serán as contidas no Decreto estatal

2661/1967, do 19 de outubro (BOE 264) e no Decreto da Xunta de Galicia 81/1989. do 11 de maio (DOG 104); é dicir:

- Especies do xénero "eucaliptus": 6 metros.
- Especies de coníferas o resinosas: 3 metros.
- Especies de frondosas distintas do eucalipto: 4 metros.

## **Artigo 5.- Plantacións en lugares afectados por dominios públicos.**

- Plantacións en fundos limítrofes con cursos de auga.- Estarase suxeito ás previas autorizacións do titular do dominio público hidráulico (Organismo Autónomo "Augas de Galicia", dependente da Xunta) en todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar ás zonas de servidume ou de policía, consonte as delimita o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (BOE 176).
- Plantacións en terreos lindeiros coa costa.- Estarase suxeito ás previas autorizacións do titular do dominio público marítimo-terrestre (Demarcación de Costas do Estado en Galicia) en todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar aos terreos incluídos nas servidumes de tránsito ou de protección, segundo as delimita a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (BOE 181).
- Plantacións en leiras que limitan con estradas.- Nos espazos lindantes con vías públicas, estradas ou autoestradas estarase suxeito ás previas autorizacións do organismo titular das mesmas para todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar as zonas de dominio público, de servidume ou de afección delimitadas ben na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas do Estado (BOE 182) para o caso das de titularidade estatal, ou ben na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia (DOG 210), de tratárense de espazos limítrofes con vías locais, provinciais e autonómicas.
- Plantacións en fundos limítrofes con liñas de ferrocarril.- Segundo se dispón no artigo 287 do Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro (BOE 241), que aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, prohibese a plantación de árbores na zona de dominio público, quedando suxeitas ás previas autorizacións do organismo ou entidade titular da infraestrutura ferroviaria, aquelas plantacións que se pretendan realizar nas zonas de servidume e de afección.
- Plantacións en lugares inmediatos a xacementos arqueolóxicos.- En todas aquelas parcelas agrícolas que limiten ou estean afectadas pola existencia dun xacemento arqueolóxico (castros ou mámoas), as decrúas preparatorias de novas plantacións e as propias plantacións forestais, quedan suxeitas á previa autorización da Delegación Provincial da Consellería de Cultura, consonte dispón o artigo 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro (DOG 214), de patrimonio cultural de Galicia, ao gozaren tales bens inventariados dunha protección baseada en evitar a súa desaparición.
- Achegase a esta Ordenanza un anexo explicativo das zonas dos distintos dominios públicos ás que se alude nas alineas precedentes deste artigo.

\* VER ANEXO

## **Artigo 6.- Preeminencia de distancias.**

Aos efectos de aplicación desta ordenanza, e atendendo que razóns de orde técnica aconsellarán nalgún momento que as distancias aumenten ou diminúan en beneficio e protección dos dominios públicos hidráulico, terrestre, marítimo-terrestre ou arqueolóxico, prevalecerán os intereses destes sobre a defensa doutros de índole distinta, motivo polo que gardan preeminencia sobre as distancias sinaladas no artigo 4, as que se determinen nas autorizacións outorgadas polos órganos substantivos competentes para as plantacións que atinxan ás distintas zonas que constitúan os referidos dominios públicos.

## **Artigo 7.- Novas plantacións do xénero "eucaliptus".**

- De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 81/1989, do 11 de maio (DOG 104), as novas plantacións co xénero "eucaliptus" en masas continuas superiores ás 5 hectáreas, deberán contar con autorización ambiental, debendo presentar coa solicitude da mesma un deseño coa situación da parcela, descrición da vexetación e do aproveitamento actual, mananciais ou cursos de auga aos que poida afectar, así como as labores, tratamentos e un plan de explotación da plantación pretendida.
- No caso de que as novas plantacións de eucaliptos superen en masas continuas as 50 hectáreas, precisarase un estudio de avaliación do impacto ambiental, previsto no mesmo artigo e Decreto

anteriores, coa prevención de que se ten que reservar, alomenos, un dez por cento da superficie para distintas especies, preferentemente outras frondosas.

- Lémbrese ó respecto que o artigo 3 do mesmo Decreto non permite as novas plantacións de eucaliptos en terras ocupadas por masas doutras frondosas, incluídas as áreas de vexetación natural de ribeiras.

## **Artigo 8.- Outras plantacións suxeitas a distintas técnicas de defensa ambiental.**

Por mor do contido nos Decretos da Xunta de Galicia 442/1990, do 13 de setembro (DOG 188), de avaliación do impacto ambiental, e 327/1991, do 04 de outubro (DOG 199), de avaliación de efectos ambientais, acordos coa lexislación básica estatal (Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 26 de xuño -BOE 155-), quedan suxeitas a avaliación de impacto ou de efectos ambientais, segundo o caso, as primeiras repoboacións, plantacións ou sementeiras de especies forestais que se pretendan executar sobre terreos que, durante os últimos dez anos estivesen desarborados.

## **Capítulo IV. Procedemento sancionador e infraccións**

### **Artigo 9.- Incoación do procedemento.**

- O procedemento sancionador poderá iniciarse por denuncia ou de oficio, cando a autoridade municipal teña coñecemento de feitos que poidan constituír unha infracción das tipificadas nesta ordenanza.
- O procedemento axustarase aos principios contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE 285), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así coma no Real Decreto 1398/1993, do 04 de agosto (BOE 189), que aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **Artigo 10.- Infraccións.**

- Constitúe infracción administrativa aos efectos desta ordenanza o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos na mesma, así coma o das condicións impostas nas autorizacións ou licenzas administrativas outorgadas ao respecto.
- As infraccións administrativas tipifícanse do seguinte teor:
  - A plantación de especies arbóreas en fincas dedicadas anteriormente a labores agrícolas, sen obter a previa autorización ou licenzia.
  - A transgresión das condicións impostas na autorización ou licenzia, ou o incumprimento das medidas restauradoras do lugar afectado.
  - A negativa ou resistencia a facilitar os datos que lle sexan requiridos ou a obstrución ó labor de inspección do concello.
  - A falsidade ou ocultación de datos no procedemento para obter a autorización ou licenzia.
  - En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza.

### **Artigo 11.- Clasificación das infraccións.**

As infraccións tipificadas no artigo anterior, clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Infraccións leves: considéranse leves as sinaladas nos apartados 2.1 e 2.5.

Infraccións graves: consideraranse graves as que se citan nos apartados 2.2 e 2.3.

Infraccións moi graves: estimaranse así as accións figuradas no apartado 2.4.

### **Artigo 12.- Sancións.**

De acordo coa competencia conferida aos concellos en materia de procedemento sancionador no artigo 45.1.b) da Lei 1/1995, de 02 de xaneiro (DOG 29), de protección ambiental de Galicia, as infraccións tipificadas nesta ordenanza, serán sancionadas con multa de ata 6.000 euros, establecéndose, segundo clasificación, as seguintes contías:

- Infraccións leves: multa de ata 600 €.
- Infraccións graves: multa de 601 € ata 3.000 €
- Infraccións moi graves: multa de 3.001 € ata 6.000 €

No caso de que sexa inviable o outorgamento da licenza, a imposición da multa levará aparellada a reposición das cousas ao seu primitivo estado e maila restauración do medio afectado.

### **Artigo 13.- Plantacións non autorizadas en zonas de dominios públicos.**

As novas plantacións que sen autorización se realicen nas zonas afectadas polos distintos dominios públicos citados no artigo 5 desta ordenanza, serán obxecto de denuncia diante dos respectivos órganos substantivos competentes, nos que está domiciliada a correspondente potestade sancionadora.

### **Artigo 14º. Requirimentos.**

Unha vez resolto o expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á legalidade no prazo máximo de un mes, e transcorrido este sen cumprir o requirimento, sen necesidade de nova notificación, procederase á execución subsidiaria co cargo ao seu custo das correspondentes costas.

### **Disposición derradeira.**

Esta ordenanza entrará en vigor aos quince días de publicarse a súa aprobación definitiva e o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia."

## **ANEXO Á ORDENANZA**

### **(Referido no artigo 5.6 da mesma)**

Plantacións en fundos limítrofes con cursos de auga.

As marxes ou terreos que limitan cos cursos de auga, están suxeitos en toda a súa extensión lonxitudinal:

- A unha zona de servidume de 5 metros de anchura, para uso público.
- A unha zona de policía de 100 metros de anchura, na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolvan.

(Do artigo 6.1 do Texto refundido da Lei de Augas e dos artigos 5 a 10 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico).

Plantacións en terreos lindeiros coa costa.

Os terreos lindeiros co dominio público marítimo terrestre están suxeitos:

- A unha servidume de tránsito que recaerá sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra dentro a partir do límite inferior da ribeira do mar.
- A unha servidume de protección que recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra dentro dende o límite interior da ribeira do mar.

(Dos artigos 20 ó 26 da Lei de Costas e dos artigos 43 ó 51 do Regulamento xeral para desenvolvemento e execución da Lei de Costas).

Plantacións en leiras que limitan con estradas.

- Os terreos lindeiros coas autoestradas, autovías ou estradas do Estado están suxeitos:
  - A unha zona de dominio público, composta polos terreos ocupados pola vía estatal e os seus elementos funcionais e unha franxa de terreo a ambos lados de 8 metros de anchura en

autoestradas, autovías e vías rápidas, e de 3 metros no resto das estradas, medidos dende a beira exterior da explanación.

- A unha zona de servidume, composta por dúas franxas de terreo a ambos lados delimitada dende a zona de dominio público ata 25 metros (en autoestradas, autovías e vías rápidas) ou 8 metros (no resto de estradas), medidos dende a beira exterior da explanación.
- A unha zona de afección, que consiste en dúas franxas a ambos lados da mesma, delimitada dende a zona de servidume ata 100 metros (en autoestradas, autovías e vías rápidas) ou 50 metros no resto de estradas, medidos dende a beira exterior da explanación.

(Dos artigos 20 ó 23 da Lei de Estradas do Estado).

- Os terreos lindeiros coas autoestradas, autovías ou estradas da Xunta, da Deputación ou dos Concellos (que carezan de Plano local de estradas) están suxeitos:
  - A unha zona de dominio público, composta polos terreos adquiridos por título lexítimo pola Administración titular da estrada, cun límite exterior que non poderá supera-los 15 metros de largo a partir da beira exterior da explanación.
  - A unha zona de servidume, composta por dúas franxas de terreo a ambos lados delimitada dende a zona de dominio público ata 17 metros (en autoestradas, autovías e vías rápidas) ou 2 metros (no resto de estradas), medidos dende a beira exterior da explanación.
  - A unha zona de afección, que consiste en dúas franxas a ambos lados da mesma, delimitada dende a zona de servidume ata 100 metros (en autoestradas, autovías e vías rápidas) ou 30 metros no resto de estradas, medidos dende a beira exterior da explanación.

(Dos artigos 29 ó 33 da Lei de Estradas de Galicia).

Plantacións en fundos limítrofes con liñas de ferrocarril.

Os terreos lindeiros con liñas de ferrocarril están suxeitos:

- A unha zona de dominio público, composta polos terreos ocupados pola explanación da vía férrea cun límite exterior de 8 metros a partir da beira exterior da explanación.
- A unha zona de servidume, composta por dúas franxas de terreo a ambos lados delimitada dende a zona de dominio público ata 20 metros, medidos dende a beira exterior da explanación.
- A unha zona de afección, que consiste en dúas franxas a ambos lados da mesma, delimitada dende a zona de servidume ata 50 metros, medidos dende a beira exterior da explanación.

(Dos artigos 280 e 281 do Regulamento da Lei de Transportes terrestres).

Plantacións en lugares inmediatos a xacementos arqueolóxicos.

- A Lei do patrimonio cultural de Galicia non fixa distancias para os contornos dos bens inventariados, pero no artigo 54 establece que "os bens inventariados gozarán dunha protección baseada en evita-la súa desaparición, e estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que haberá de autorizar calquera intervención que lles afecte".

## **Anterior redacción do artigo 5**

### **Artigo 5.- Plantacións en lugares afectados por dominio públicos.**

- Plantacións en fundos limítrofes con cursos de auga.-Estarare suxeito ás previas autorizacións do titular do dominio público hidráulico (Organismo Autónomo "Augas de Galicia", dependente da Xunta) en todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar ás zonas de servidumbre ou de policía, consonte as delimita o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (BOE 176).
- Plantacións en terreos lindeiros coa costa.-Estarase suxeito ás previas autorizacións do titular do dominio público marítimo-terrestre (Demarcación de Costas do Estado en Galicia) en todas aquelas plantación arbóreas que poidan afectar ós terreos incluídos nas servidumes de tránsito ou de protección, segundo as delimita a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (BOE 181).

- Plantacións en leiras que limitan con estradas.-Nos espazos lindeiros con vías públicas, estradas ou autoestradas estarase suxeito ás previas autorizacións do organismo titular das mesmas para todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar as zonas de dominio público, de servidume ou de afección delimitadas ben na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas do Estado (BOE 182) para o caso das de titularidade estatal, ou ben na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia (DOG 210), de tratárense de espazos limítrofes con vías locais, provinciais e autonómicas.
- Plantacións en fundos limítrofes con liñas de ferrocarril.- Segundo se dispón no artigo 287 do Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro (BOE 241), que aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, prohibese a plantación de árbores na zona de dominio público, quedando suxeitas ás previas autorizacións do organismo ou entidade titular da infraestrutura ferroviaria, aquelas plantacións que se pretendan realizar nas zonas de servidume e de afección.
- Plantacións en lugares inmediatos a xacementos arqueolóxicos.-En todas aquelas parcelas agrícolas que limiten ou estean afectadas pola existencia dun xacemento arqueolóxico (castros ou mámoas), as decrúas preparatorias de novas plantacións e as propias plantacións forestais, quedan suxeitas á previa autorización do Delegación Provincial da Consellería de Cultura, consonte dispón o artigo 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro (DOG 214), de patrimonio cultural de Galicia, ó gozaren tales bens inventariados dunha protección baseada en evita-la súa desaparición.

## **Nova redacción do artigo 5**

### **Artigo 5.- Plantacións en lugares afectados por dominio públicos.**

- lantacións en fundos limítrofes con cursos de auga.-Estarase suxeito ás previas autorizacións do titular do dominio público hidráulico (Organismo Autónomo "Augas de Galicia", dependente da Xunta) en todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar ás zonas de servidumbre ou de policía, consonte as delimita o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas (BOE 176).
- lantacións en terreos lindeiros coa costa.-Estarase suxeito ás previas autorizacións do titular do dominio público marítimo-terrestre (Demarcación de Costas do Estado en Galicia) en todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar ós terreos incluídos nas servidumes de tránsito ou de protección, segundo as delimita a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (BOE 181).
- lantacións en leiras que limitan con estradas.-Nos espazos lindeiros con vías públicas, estradas ou autoestradas estarase suxeito ás previas autorizacións do organismo titular das mesmas para todas aquelas plantacións arbóreas que poidan afectar as zonas de dominio público, de servidume ou de afección delimitadas ben na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas do Estado (BOE 182) para o caso das de titularidade estatal, ou ben na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia (DOG 210), de tratárense de espazos limítrofes con vías locais, provinciais e autonómicas.
- lantacións en fundos limítrofes con liñas de ferrocarril.- Segundo se dispón no artigo 287 do Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro (BOE 241), que aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, prohibese a plantación de árbores na zona de dominio público, quedando suxeitas ás previas autorizacións do organismo ou entidade titular da infraestrutura ferroviaria, aquelas plantacións que se pretendan realizar nas zonas de servidume e de afección.
- lantacións en lugares inmediatos a xacementos arqueolóxicos.-En todas aquelas parcelas agrícolas que limiten ou estean afectadas pola existencia dun xacemento arqueolóxico (castros ou mámoas), as decrúas preparatorias de novas plantacións e as propias plantacións forestais, quedan suxeitas á previa autorización do Delegación Provincial da Consellería de Cultura, consonte dispón o artigo 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro (DOG 214), de patrimonio cultural de Galicia, ó gozaren tales bens inventariados dunha protección baseada en evita-la súa desaparición.
- Achégase a esta Ordenanza un anexo explicativo das zonas dos distintos dominios públicos ás que se alude nas alíneas precedentes deste artigo.